

Pensando en educación


I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:





Emilia Pardo Bazán non pode entrar nas aulas da universidade española. Ela e tódalas mulleres. Pero tampouco pode aceptar a cerimonia da resignación. Ten os libros. A escoita vai facer que sexan ética, que deixen de ser hábito e se convertan nunha necesidade de compartilo e estendelo. Pero non esquece o feito de que tales reflexións son, nela, un privilexio. A maioría dos seus contemporáneos xamais terá soñado o soño dese dereito da humanidade enteira, e as mulleres aínda menos. Emilia Pardo Bazán lanza, entón, a luva da transformación na súa actitude e nas súas obras, sinalando estruturas vellas e escuras que demandan heroicidade para manter o seu poder. Non haberá xustiza se as leis non son xustas. Xamais haberá paz se se tecen relacións cunha violencia disfrazada de orde inapelable e eterna. Só a educación, a escola, ten a chave desas portas luminosas e iluminadoras.

2021 conmemora o centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán. Sexa esta lembranza un agradecemento a quen hoxe aínda traballe, compartindo o valor simbólico do seu nome ou no máis elegante anonimato, para que a matria da liberdade medre e medre e medre.

Nesa mesma constelación, aínda que troquen xeitos e maneiras , pero non moito tempo, a Institución Libre de Ensino (ILE) tentará rachar as cadeas ancestrais que segregan a vida humana decidindo quen ten e quen non ten o dereito a percorrer o mundo infindo do pensamento e da beleza. A educación, o ensino deben estar ceibes das ideoloxías vasalas porque entón reproducirán relacións de vasalaxe entre os homes e as mulleres. A educación ten a tarefa de desterrar o medo. Non hai mais modo de facelo que coas ferramentas da escola, o ensino e a cultura. A paz está feita de tales materiais. E a paz xermola transformada en dignidade. Contra a barbarie, ensino. Contra a derrota, beleza. O ensino non pode mesturarse coa néboa do medo e da resignación; a beleza non pode confundirse con cuestións inalcanzables e mundos non incluíntes, non respectuosos, non universais. O ensino ten que propoñer mapas que xa non só sexan expedientes, senon tamén fogares. Fogares porque tenden as mans, e amosan a grandeza do saber, os fios do pensamento, os vínculos coa natureza que é a primeira lección de tódalas leccións que chegarán despois. A creatividade sen fronteiras.

Nesta estela, mestras e mestres dentro e fora das aulas, pedagogas e pedagogos, responsables de institucións públicas e privadas, van compartir exemplos de boas prácticas e reflexións, con amor e fondura, nun ciclo que plantexa cómo afastar, para sempre, as confusións interesadas que fan pasar por colaboración a competitividade, e falan de éxito cando tiñan que facelo de desigualdade. Un ciclo co soño creador de construír un universo novo, cunha lingua simbólica activa, que esixe a recolleita dos mellores frutos da mellor historia compartida. Facendo -nun xerundio que trae latexos de proxecto en marcha- espazos do común nos que caiban puntos de vista para vivilos na comunidade universal dos seres humanos.

Marifé Santiago Bolaños,
Escritora, Filósofa, Profesora

Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

COLABORA:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

16 de marzo de 2021

Alejandro Tiana Ferrer

27 de abril de 2021

Amelia Valcárcel

18 de maio de 2021

José Antonio Vázquez Taín

28 de outubro de 2021

Federico Mayor Zaragoza

31 de enero de 2022

María Teresa Fernández de la Vega

Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:



16 de marzo de 2021

Alejandro Tiana Ferrer

SECRETARIO DE ESTADO DE EDUCACIÓN
DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Retos actuais da educación española

Alejandro Tiana Ferrer é doutor en Filosofía e Letras (Pedagogía) pola Universidade Complutense de Madrid (UCM) e catedrático de Teoría e Historia da Educación na Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED). Actualmente é secretario de Estado de Educación no Ministerio de Educación e Formación Profesional do Goberno de España.

Desde os anos 80 desenvolve a docencia nas áreas de Historia dos Sistemas Educativos Contemporáneos, Política e Lexislación Educativa, Educación

Comparada e Avaliación da Educación. Entre os anos 2013 e 2018 exerceu de reitor da UNED, tras o seu paso polo ministerio como secretario xeral de Educación e polo Centro de Altos Estudos Universitarios da Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI). Traballou con diversas organizacións internacionais (a UNESCO, a OCDE ou o Banco Mundial) e é un reputado autor e editor de libros e artigos das súas especialidades.

19.30 h / Paraninfo da Universidade

Rua Maestranza, 9

Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:



27 de abril de 2021

Amelia Valcárcel

CONSELLEIRA ELECTIVA DE ESTADO
E VICEPRESIDENTA DO REAL PADROADO
DO MUSEO DO PRADO

A civilización feminista

Amelia Valcárcel é catedrática emérita de Filosofía Moral e Política na Universidade Nacional de Educación a Distancia e doutora *honoris causa* polas universidades mexicanas de Veracruz e Nuevo León e a de Valencia. É conselleira electiva de Estado e desde o 2004 ocupa a Vicepresidencia do Real Padroado do Museo do Prado. En 2016 recibiu a Gran Cruz de Afonso X o Sabio.

Desenvolveu unha prolífica carreira como autora, na que destacan unha vintena de libros e capítulos en textos colectivos e máis dun centenar de artigos. Coa súa obra foi dúas veces finalista do Premio Nacional de Ensaio. Ao longo da súa traxectoria académica dirixiu numerosos proxectos de investigación, cursos e seminarios tanto a nivel nacional coma internacional.

19.30 h / Paraninfo da Universidade

Rua Maestranza, 9

Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:



18 de maio de 2021

José Antonio Vázquez Taín

XUÍZ DO XULGADO DO PENAL DA CORUÑA

A educación emocional

Vázquez Taín é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Reside na Coruña desde 2007, cidade onde exerce de maxistrado. Con anterioridade traballou como xuíz en Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa. O seu labor á fronte de operacións xudiciais contra o narcotráfico é notorio.

Destaca publicamente polo seu interese na difusión e achegamento do mundo da

xustiza á cidadanía a través da colaboración con numerosos medios de comunicación.

De forma paralela, o ourensán desenvolveu unha carreira como autor con tres novelas (*Más allá y más arriba*, *Al infierno se llega deprisa* e *El mar sin fondo*), tres ensaios (*Matar no es fácil*, *Grandes juicios de la historia* e *Pulso al Estado*) e unha historia novelada sobre o Camiño de Santiago (*Santiago. La leyenda del santo oculto*).

19.30 h / Paraninfo da Universidade

Rua Maestranza, 9

Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:



28 de outubro de 2021

Federico Mayor Zaragoza

PRESIDENTE DA FUNDACIÓN CULTURA DE PAZ

Educación para ser libres e responsables

Federico Mayor Zaragoza é doutor en Farmacia pola Universidade Complutense de Madrid e catedrático de Bioquímica da Universidade de Granada, institución da que foi reitor. Cofundador en 1974 do Centro de Bioloxía Molecular Severo Ochoa, foi nomeado doutor *honoris causa* por numerosas universidades nacionais e internacionais.

Foi ministro de Educación e Ciencia e durante doce anos ocupou o cargo de director xeral da UNESCO, época na que

a institución aprobou a Declaración e Plan de Acción sobre unha Cultura de Paz. Tras o seu paso por este organismo, presidiu entes como o European Research Council Expert Group, a Initiative for Science in Europe ou a Comisión Internacional contra a Pena de Morte, ademais de colaborar activamente con múltiples organizacións, academias e asociacións. Desde 1993, preside o consello científico da Fundación Ramón Areces e, desde o ano 2000, é o presidente da Fundación Cultura de Paz.

19.30 h / Paraninfo da Universidade

Rua Maestranza, 9

Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:



31 de enero de 2022

María Teresa Fernández
de la Vega

PRESIDENTA DO CONSELLO DE ESTADO
E DA FUNDACIÓN MUJERES POR ÁFRICA

Educación: onde comeza todo

Fernández de la Vega é licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e doutora *honoris causa* pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo. En 2004 converteuse na primeira muller vicepresidenta primeira do Goberno de España, cargo que compaxinou co de ministra de Presidencia e voceira do Goberno ata finais de 2010. Na actualidade é presidenta do Consello de Estado.

Desde os anos 80 desempeñou diversos cargos de responsabilidade no Ministerio de Xustiza. Tras ingresar en 1989 como

maxistrada na carreira xudicial, ocupou o posto de vogal no Consello Xeral do Poder Xudicial. Ao longo da súa traxectoria destaca o seu compromiso coa activación e fortalecemento de políticas públicas vinculadas aos dereitos da cidadanía, especialmente das mulleres. En 2012 puxo en marcha a Fundación Mujeres por África, ente que tamén preside. Ademais, formou parte do Grupo Asesor Mundial da Sociedade Civil de ONU Mulleres.

19.30 h / Paraninfo da Universidade

Rua Maestranza, 9



Pensando en educación

I FORO EDUCACIÓN
A CORUÑA - 2021

ORGANIZA:



COLABORA:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA